



ANUNCIO

En sesión plenaria celebrada o 26.06.2023 deuse conta do decreto de alcaldía número 680/2023 de data 21.06.2023 polo que se confiren as delegacións xenéricas aos Concelleiros, co seguinte contido:

“Unha vez celebradas as Eleccións Locais do pasado 28 de maio de 2023, faise necesario proceder ao establecemento da nova organización municipal, en particular, ao nomeamento dos Tenentes de Alcalde, en exercicio da potestade de autoorganización que o artigo 4.1. a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, recoñece a esta Entidade.

Considerando que de conformidade coa lexislación á que se fixo referencia, esta Alcaldía pode delegar o exercicio das súas atribucións sempre e cando non se atopen dentro dos supostos previstos polo artigo 21.3 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local e 61.3 da Lei 5/1997 de 2 de xullo, de Réxime Local de Galicia, nos que se regulan as competencias que non poden ser obxecto de delegación.

Por medio da presente e en uso das atribucións que legalmente teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro:- Conferir as seguintes DELEGACIÓNS XENÉRICAS a favor dos Sres/as Concelleiros/as que se indican, para a dirección e xestión das áreas de Goberno Municipal que a continuación se relacionan:

- 1. Facenda, Promoción Económica e Emprego: Silvia Pose Castro.*
- 2. Infraestruturas, Obras, Urbanismo e Medio Ambiente: Enrique Tasende Lavandeira.*
- 3. Medio Rural, Feiras e Mercados: José Castro Agrelo.*
- 4. Cultura, Deporte, Educación, Turismo e Servizo Sociais: Clarisa Couto Castro.*

As delegacións que se outorgan, de conformidade co previsto no art. 43.5.b) do ROF, comprenderán exclusivamente a dirección interna dos servizos correspondentes e a xestión xeral dos asuntos con eles relacionados, con facultades de estudo, pero sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

En todo caso quedan excluídas as atribucións indelegables expresamente reservadas á Alcaldía no artigo 21.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril e no artigo 61.3 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Réxime Local de Galicia.



CONCELLO DE
CORISTANCO

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE – TRABA
15147 - CORISTANCO - A Coruña
Tlf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 - correo@coristanco.gal
www.coristanco.gal
R. E. L. nº 01150294

exp. 2023/G010/000007

ANUNCIO

Segundo:- As atribucións delegadas deberanse exercer nos términos e dentro dos límites desta Delegación, non sendo susceptibles de ser delegadas polos seus titulares en outro órgano ou Concelleiro.

Terceiro:- De conformidade co disposto polo artigo 44 do ROF, estas delegacións terán efecto dende o día seguinte á data de notificación deste Decreto ós concelleiros afectados e serán de carácter indefinido, sen prexuízo da potestade de avocación desta Alcaldía.

En caso de ausencia, vacante, enfermidade ou calquera outro impedimento dos Concelleiros delegados, esta Alcaldía asumirá as competencias delegadas, como titular da competencia orixinaria.

Cuarto:- Notificar persoalmente a presente resolución aos desinados, que se considerará aceptada tacitamente, salvo manifestación expresa para o seu coñecemento e efectos.

Quinto.-Dar conta ó Pleno desta Resolución na primeira sesión que teña lugar, e publicar o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica, en cumprimento do disposto polo artigo 44.2 do texto legal antes citado”

En Coristanco a 4 de xullo de 2023 asinado dixitalmente polo alcalde suplente, Enrique Tasende Lavandeira